

de Galicia, para que poidan presentar, de ser o caso, reclamación contra a listaxe provisional.

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2005.

José Ignacio Lema Piñeiro

Director xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional

VI. ANUNCIOS

a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

Cédula do 26 de xullo de 2005, do Servizo de Informes e Recursos, pola que se notifican as denuncias por infracción da normativa vixente en materia de transportes terrestres devoltas polo servizo de correos por resultaren descoñecidos os seus destinatarios ou ben porque intentada a notificación non se puído efectuar (expediente DX-00263-I-2005).

Por medio desta cédula notificánselles aos denunciados, cos datos e último enderezo coñecido que se sinalan no anexo, as denuncias que se formularon contra eles. Por este motivo iniciáronse, cos números que se indican, os correspondentes expedientes sancionadores, que poden dar lugar ás sancións que tamén se citan.

Fáiselles saber o dereito que os asiste de alegar por escrito perante a Subdirección Xeral de Inspección de Transportes o que consideren conveniente, achegando ou proponendo as probas que coiden oportunas dentro dos quince días hábiles seguintes ao da publicación desta cédula.

No suposto de que decida voluntariamente facer efectiva a sanción antes de que transcorran os 15 días seguintes á publicación desta cédula, a contía pecuniaria da sanción proposta reducirase nun 25% (artigo 146.3º da Lei 16/1987, do 30 de xullo, modificada parcialmente pola Lei 29/2003, do 8 de outubro). A realización do dito pagamento equivale á terminación do procedemento.

Para que conste, lles sirva de notificación aos citados denunciados, e en cumprimento do disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro (BOE do 27 de novembro), de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, expido, asino e selo esta cédula en Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2005.

Alberto Eiras Martínez
Xefe de Servizo de Informes e Recursos

ANEXO

Expediente, matrícula, denunciante: DX-00263-I-2005; obstrución; 3544790902 A2053.

Denunciado: *Gruconsa Cangas, S.L.*

Último enderezo coñecido: O Igrexario Tirán, 132, 36950 San Xuán P., Moaña (Pontevedra).

Feito denunciado: con data de rexistro de saída 15-2-2005, requiriuse á empresa *Gruconsa Cangas, S.L.*, para que no prazo de 10 días remitise á Subdirección Xeral de Inspección a seguinte documentación:

1. Copia das facturas emitidas polos portes realizados durante o mes de novembro de 2004 co vehículo matrícula PO-9147-AG.

2. Copia da ITV do citado vehículo.

A recepción do requirimento tivo lugar, segundo consta no correspondente aviso de recepción, o día 4-3-2005. Transcorrido o prazo sinalado, non se cumpriu co citado requirimento, o cal constitúe unha infracción moi grave por obstrución á actuación dos servizos de inspección, impedíndolle o exercicio das súas funcións.

Data, hora, estrada pk.: 1-6-2005; 8.35.01.

Precepto infrinxido: artigo 33.3º e 4º Lei 16/1987, do 30 de xullo, artigo 19 R.D. 1211/1990, do 28 de setembro.

Precepto sancionador: artigo 143.1º i) Lei 16/1987, do 30 de xullo.

Sanción proposta: 4.601 euros.

Cédula do 27 de xullo de 2005, do Servizo Técnico-Xurídico, pola que se notifica a resolución do recurso de reposición U-2005/0061, interposto contra a resolución do director xeral de Urbanismo do 18 de febreiro de 2005.

De conformidade co disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notificaselle ao interesado, co último domicilio coñecido en Pazos-Fontenla, nº 31-2º Bueu-Pontevedra, a resolución do recurso de reposición número U-2005/0061, interposto contra a resolución do director xeral de Urbanismo do 18 de febreiro de 2005, cuxa parte dispositiva di:

RESOLVO:

Estimar parcialmente o recurso de reposición nº U-2005/0061 interposto por Mercedes García Martínez contra a resolución do director xeral de Urbanismo do 18 de febreiro de 2005, pola que se acorda o arquivo de varios expedientes de solicitude de información urbanística e de delimitación de núcleos rurais no termo municipal de Marín, (expediente 04/091); resolución que se revoga, e, en consecuencia, debe continuar a tramitación do procedemento.

Contra esta resolución, que se transcribe definitiva en vía administrativa, cabe recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses con-